

# A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un núm. 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala) | Números 67 e 68 | A CRUÑA 30 DE SEPTIEMBRE DE 1918

## LADRAN OS CÁS Á LÚA

O xornal madrileño *A. B. C* (n-o que, sòmente hay dous esquireiros con senso común, galego por certo, Fernández Flórez e Ribalta) trouxo días pasados un artigo de Salaverría comentando a inauguración do *Congreso d'Estudios Bascos* en Oñate. E o comentario ademais d'inoportuno, leva tod'a rabia d'un cán doente e tod'a catívez d'un espritu asalariado.

Ataca con cobreguenta saña ós *Estudios Bascos*, porque—según él—hay grave perigo en crear novas culturas, culturas rexionaes, diferenciadoras; pra él non debe haber mais cultura qu'a madrileña; as outras deben morrer; e com'a omar, ó queimar os moimentos da cultura oriental, estos novos santós do centralismo razonan do seguinte modo:

«Si as culturas e valores rexionaes son conformes c-o que pensamos os privilegiados qu'en Madri vivimos, sobran esas culturas; e si atacan ó *statu quo* da nosa decadencia cultural, son valores vitandos que tamen deben dêsprecer.»

O Rey foi inaugurar o Congreso e fixo un canto ó patriotismo basco, manifestado n-a sua cultura alboreante. Pró Salaverría quér ser mais papista que o Papa, e di qu'isa cultura é antipatriótica, unha ameaza p'á unidade nazonal, e qu'ademais, com'a catalana, com'a galega, é filla da envexa, da impotencia e do fracaso. E di c-un catalán se engaiola c-unha estatua no Paralelo, porque comprende que pra tel-a n-a Porta do Sol, é perciso ser da talla d'un Cervantes. Un argumento com'preto. Según iso en Madri non queren reconecerse os valores rexionaes; razón demais pra que nós creemos focos d'amore pra fecundar y-enaltecer os nosos valores autóctonos.

Nós ben sabemos qu'a mentalidade de Salaverría está vexetando ó marxen da cultura europea. Mais tamen nos decatamos de qu'il é repersentante de decadente intelectualidade madrileña; seus esquireiros son espresión da mais exaltada intransi-

xencia centralista. Ademais é un viaxante do patrioteirismo de marcha real e mango de tixela, que sempre está recetando a España manchega e quixotuna, solitaria y-altiva, isla deserta n-o deserto, das chairas castelás; á España tráxica que vive da sua historia, porque xa non sabe crearse historia, á que queren grande com'a un incendio n-o que vaían queimándose tod-al-as enerxías dos seus pobos. E tamen sabemos qu'algús labercos da banda d'acó queren tamen meternos a mercancia averiada d'ise patrioteirismo insano.

### CADRO DE ROSAS

*O Avntamento da Cruña tivo ó patreoteco acordo de trocar a marcha real pol-o Himno Nacional Galego, na inaugurazón do novo Paço Municipal.*

*¡Terra a Nosa!*

Por eso todas istas parvadas dariannos risa, sinon desen pena. Porque mostran ás craras un fenómeno dóroso: que non somos os nazonalistas os que odiamos a España, sinon que nos odian a nosoutros, a morte, sin oirnos, todol-os vellos políticos que toman a España por unha vaca suiza, todol os inteleituas criados na conexeira ateneista, que endexamaís ollaron ás fronteiras, e tod'a multitude histórica pra quen é patria unha plaza de touros e banquete un gazpacho. Nós cobizamos unha España grande drento d'armonía fecunda dos seus pobos, libres; mais en ningún centralista latexa cordialidade nin siquera transixencia pr'ó rexurdir dos demais pobos, que non temos dereito á vida sin o marchamo da Porta do Sol. ¡Ouh Torquemadas d'istos tempos! Según iles, non se pode amar ás rexións, sinon a España (¿qué será España sin rexións?). Pol-o visto o amar a Gali-

cia non é amar a España; (deprendamos; eisi tamen o amor a España non abondará pra ser bon galego; é unha compensación ¡qué caramba!) Non podemos ser patriotas sin seu permiso e sin sua medida; e si o noso amor á rexión e moito, aforcaranos; e si o amor a España non cheg'ó seu, queimarannos; porque n-o primeiro caso seremos separatistas; e n-o segundo non seremos patriotas. I-eisi sempre se fará *xusticia*.

Eles queren unha España absorvente, escravizante, que cimente seu porvir sobr'o campo frio das nazonalidades afogadas; unha España cuio nome amarg'as nosas gorxas coma un epitafio sin honra; que xurda altiva com'a un fantasma por riba das fousas dos nosos pobos mortos, n-amentras eles coma paxaros agoreiros, rondarán con orgulo o moimento do seu trunfo maçabío.

Contan que inda eisisten en Holanda as balanzas que usaba a Inquisición pra pesar ás bruxas; soilo qu'oxe sirven pra pesar queixos. Isa é a esperanza que nos queda de que o papel manchado por Salaverría con seus esquireiros, teña tamen unha finalidade mais practica.

L. PEÑA NOVO.

FIXANDO PUNTOS

### O SENTIMENTO DA PATRIA

A patria ou sintese ou non se sinte. Pertender qu'en tal sentimento haxa termos melos é totalmente inadmisibible. Quen di crer n-ela sin pechal-os ollos pra toda outra crenza qu'o solicite, minte. Unha adhesión com'preta, prena, incondicional, sin ultiores preocupazóns, é a única adhesión posibible a sagra idea de patria. O patriotismo nazonalista—e ben se decatará o leutor do que nós enxerguemos por tal conceuto—de tal adhesión fixo unha lóxica, unha natural eisixencia. E ista mesma eisixencia tra consigo o nacemento de incompatibilidades e a imposibilidade de dividir o fervor patriótico. O desdoble de cariño, qu'os *rexionaleiros* de patria chlica e grande pertenden faguere, é un tópicu manido e burdo pra engalolare parvos. Na confusión nos termos *estado e nazonalidade*, que fan os patriotel-

ros, afincase a causa das mas absurdas clasificazóns e gradazóns de sentimentos patrióticos.

Ó Estado—*patria grande*, según o dito dos patrioteiros—ténselle en estima por egoísmo, por comenezas, por calculismo frío e razonador. E ista estima, que non nace no corazón sinón que ten o seu orixen no cerebro, pode durare tanto como dure a causa qu'a orixinou: a comenenza, as existencias d'un oportunismo fallo n-absolute d'espiritualidade. Ó desaparecer as causas que ficin lixeiramente apuntadas ista estima—nunca amor desinteresado e altruista—que mais ou menos fondamente existise, desaparece, afúndese no escurecemento mais comreto. O amor, iste amor grande, intensísimo, fondo, que constituíe o patriotismo e qu'arrastra ós maiores sacrificios e ás mais grandes abnegazóns, solo pode sentrefre cando da patria única se trata. A despeito de todo, iste amore prevalece de cote. El é o que fai o milagre de que pobos desfeitos pol-o asoballamento e a cobiza dos poderosos e rasplñeiros non morran en dexamais. As maiores vicisitudes poden pasare por riba d'eles, qu'eles resistirán as probas mais atroces sin esmorecérese nunca. nunca. En troques ¿cantas foron as chamadas pol-os patrioteiros patrias grande, isto é, estados formados pol-a ausorción de pobos, que puideron resistirse ó empuxe do proceso histórico mundial? A Historia ben amostra o que foi d'unhos e outros. As leises naturais que rixen a bioloxía das nazionalidades e dos grandes estados ben falan por nosoutros.

Nós non sabemos o qu'o Estado a que pertencemos oxe chegará a sere no mañán. A sua sorte no porvir é algo que fuxe a todos os calculos. Con todo ¿quén poderá dubidare qu'en caso d'un desmembramento, d'unha repartición a chamada patria grande deixaría de seia, ficando solo com'unha lembranza lonxana ó cabo d'algún tempo? Pol'o contrario, a patria verdadeira, a patria única seguiría sendo unha realidade. E asoballada ou non asoballada, non perdería ningunha das suas esenciaes características. O galego—poñamos como exemplo—deixaría de sere español, pertencente ó Estado español; mais, en troques, sería mais galego que nunca, mais dono de si mesmo qu'en ningures. O amor individual, o amor de cada un, refuxiábase no recuncho territorial, nos lindes que constituían a fronteira natural da patria única. E sería entón o momento en que, aínda aqueles que mais pospoñían o patriotismo natural ó artificial, abrían os ollos á realidade, decatándose de qu'a patria, como o pai e como a nai, é unha e única. Pois solo ela é unha eterna verdade; unha rexa afirmazon sempre triunfante,

E sendo isto así, e significando o verdadeiro patriotismo donación comreta de cada un á patria única ¿cómo se pode compaxinar a división, o desdoblamento de carños que moitos admiten, con ista entrega incondicional, sin reservas, qu'un patriotismo lexítimo existise? A conclusión é termifiante, decisiva. Ou se quere ou non se quere á patria. De querela como se

debe quere, admitindo a sua existencia única, tal quere ten de sere un carñio único non compatíbre con outro algún. A menos que suceda o que moitas veces sucede: a confusión do carñio có intrínseco de que xa falamos. Quen sosteña o contrario: a posibilidade d'acochar na yalma dous carños iguais, o da patria grande e o da chica, decididamente nega un d'eles. E o negado é, como non pode sere menos, aquel qu'un mesmo fai secundario ó non reconocerlle sinón unha categoría de segundo orde—qu'a isto equival o adxetivo de *chica*—, unha categoría realmente dependente d'aquela outra, máxima, que constituíe a esencia do primeiro dictado, do dictado de patria grande.

R.

## BREVIARIO

### Visión internazonalista

*Sempre que se fale da Federación ibérica, teremos que apuntar os nazionalistas gallegos unha cousa muito esencial. A nova posición de espírito, o novo credo ideolóxico que pouco a pouco vai conquerindo vontades na nosa Terra, así o pide. E que cousa é a apuntar?—diciredes.*

*A de que Galicia considera como postulado do seu ser a independencia de Portugal. Esta independencia foi e será sempre, a garantía e defensa da nosa persoalidade. Se ao longo da Historia Portugal tivese perdida sua independencia, nen a mais pequena sombra do "ser," gallego existiría hoje. Mentras exista Portugal con características propias, haberá razón en Galicia para lutar pola rivendicación da alma nazional.*

*A independencia da Lusitania gloriosa, é pois o mesmo que a nosa propia independencia quen atentar contra aquela, será o inimigo maior do galleguismo. Ten para nós forte interés a existencia dun Estado luso grande, próspero, soberano absoluto dos seus destinos capaz de pesar tanto como Castela, no prato da balanza das hegemonias ibéricas.*

*Na «Atlántida», de Verdaguer, o gigante luso salva Galicia. Pois o mito primitivista do poeta catalán, ten na realidade, desde os séculos antigos até hoje, un eco de certo. Mentras viva Portugal, vivirá Galicia. Mentras Portugal seja forte, haberá a posibilidade de que Galicia chegue a selo. Os gallegos que non amen Portugal, non amarán tampouco Galicia.*

*O pangalleguismo e o atlantismo son problemas fondos acesos nos corazóns novos pola vontade novecentista.*

*...Mañá, cando o gallego seja libre e seja gallego, con o machado de tres fíos idio-*

*máticos: o enxebre, o castelán e o inglés abrirá as portas da civilización para a cultura celta. E o celtismo, hoje, onde quer asovallado, así na Francia, como na Inglaterra e na España, cumprirá entón o seu destino histórico. Pois já chegou o momento de perguntarmos se os povos celtistas nasceron para escravos. ¿Nista hora na que polo ferro e o fogo se formula o direito a liberdade das nacionalidades naturais, ficarán escravos somente as que non mostren deseos de ser libres!*

A. VILLAR PONTE.

## PÁXINA ESCOLLEITA

### Ánaco do "Idearium español,"

Por Angel Ganivet

*Hachámonos dominados pol-a mania da unificación, e fallos de calma pra encomendare ista obra o tempo, apresurámonos a constituir unidades aparentes, contando coá cegueira real ou finxida dos que pecuran as nosas manipulazóns. Si eu fora afeitoado os dilemas, estabrecería un, digno de faguere xogo co soado dilema d'Omar, que fixo cinzas a biblioteca d'Alexandria: ou os homes tenden por natureza a constituiren un soio orgaísmo homoxéneo, ou tenden a acentuaren as diferenzas qu'existen antre as mas diversas agrupazóns; si cremos que tenden a unidade, non nos molestemos e teñamos pacenza e fe na nosa ideia; si coidamos que tenden a separazón, non pechemol-os ollos a realidade nin marchemos contra da corrente. Non fallará quen coide qu'o dilema ten unha terceira saída: qu'os homes non camiñan en ningunha direuzón, e que fai falla que veña de vez en cando un xenio qu'os guie; i-e probabre que quen tal coide pense ser el mesmo o xenio predestinado a guiar os seus semellantes com'un fado d'ovellas. A tan esgrevio mentecato tería que decirselle que non conoce os seus semellantes; qu'os homes que coidan tere guiado a outros homes, non guiaron mais que corpos d'home; que conduxeron corpos, mais non almas, qu'as almas soio se deixan conduciren pol-os espíritus diviños, e qu'a Humanidade fai xa séculos que ten seca a matriz e non pode enxendrar novos deuses.*

## AXEITADA RESPOSTA A UNHA PARVADA

## O ibeirismo de Mella na picota

No xornal portugués *Diario de Noticias* apareceu días atrás unha digna resposta do seu corresponsal en Madrid don Xosé M. Santos, as arroutadas qu'o ourador antidiluviano señor Mella ceibou no seu cast recente discurso de Santiago de Compostela, o falare da federación ibérica.

Decía o señor Mella no discurso en custión: «Necesitamos un programa de política exterior que falga qu'a nosa patria poida xuntar, n-un momento dado, total-as suas enerxias non pra pertendere un imposible, sinón para *reconquerir algo do que foi noso*, porqu'eu non quixen ningunha cousa quimérica nin nova, e cando dixen o Estreito, Portugal e América, e-enlacei as tres cousas, non aspirei a nada que non tivéssemos».

Respondendo a isto e ollando craramente as intenzóns do ourador xalmista di don Xosé María Santos con unha grande autoridade, a que lle prestan os textos en que s'apola, qu'ista federación—a ibérica, o xeito mellista—ten d'impricar ineludiblemente a perda da soberanía d'alguns dos Estados confederados.

Os Estados ausolutamente soberans son os Estados *simpres*. A representazón central seria a única soberana, a única enriba da que residiría a autonomía política na sua relación cos demais países. Logo si a confederación dos países afeuta gravemente as suas respeitivas soberanías, cómo e posibre qu'o señor Vázquez de Mella propuxese a federación d'España Portugal e América? ¿E posibre coidar oxe qu'os Estados ibero americanos avéñanse a perder a sua soberanía dende o punto de vista internazonal? ¿Non cree o señor Vázquez de Mella qu'as repúblicas ibero americanas sentiríanse fondamente afeutadas nos seus principios constituicionaes diante da menor proposición oficial d'iste xeito?.

Como de cote, o señor Mell amostrou a parveiría ou a laberqueiría grande que no seu rexionalismo *sui generis* s'encerra. Volto de costas a realidade o ourador antidiluviano, co'as mas arroutadas cheas de lrisimo baldeiro amostrou, sin que tal se propuxese, o que de si daría, unha vez levado a práutica o seu rexionalismo antidemocrático, falto de libertade, de respeto e de considerazón, pr'os dereitos qu'os pobos todos consideran como mais inalienables e mais sagros.

Mella co seu rexionalismo e o seu ibeirismo, sistema Felipe II, e un valor que ficou, e cada vez ficará mais esquecido, a medida qu'as grandes correntes renovadoras s'imposien no mundo enteiro; A sua parola tan felicitosa e o único que aínda o vai salvando d'un escurecemento total, e pra iso son tan poucos xa os qu'o escoltan...! Por outra parte, o remate xa non lonxano da guerra europea pesa enriba d'él cal nova espada de Damocles.

Os espanta-páxaros xa non asustan e as sonas fofas vanse desfecendo a si mesmas sin que ninguén s'ocupe d'eles. ¿Cousas d'os tempos!

## VERBAS D'UN LOFTADOR

## ¿Sabe que gorenta!

Un dos meus compañeiros de balneario e Don Roxelio - un vello roibo, alto, de ollos azules, celta do mais enxebre

Don Roxelio non esta ben imposto no ideario nazonalista, pro sinteo: el viveo en Londres, en Paris, en Cardiff, en Bourdeus, e affixose; pro en «Castela e na Aravia... (Don Roxelio torce o bico e di: «No puede ser»).

O primeiro dia, falabame de cote en castelan, e hastra lle parece iso de restaurar o galego unha toleada. O dia terceiro xa non falamos mais que galego. Entondes e cando, rindo, me conta un pasaxe da sua vida.

O programa de vostedes—di—neso do idioma xa o cumprir eu de rapaciño. Verá: quedei orfo de nai o nacer; meu pai era capitán de navio, así que eu críame con miña abó. Teria eu cinco anos (Don Roxelio usa a ç coma todolos das rias baixas) e chegou meu pai a Cruña; levaronme a velo. Como miña abó non falaba mais que galego, eu tampouco. Na Cruña os amigos saludaban a meu pai e decíanme:

—Niño, ¿cuántos años tienes?

—Teñolle cinco.

—¡Y habla gallego! Ja, ja, ja... quien se lo educa a V?...

Meu pai andaba un pouco corrido. Levoume a comer a Ferrocarrilana: sentado a mesa redonda antre tanta xente eu non me atrevia o primeiro; pero ven unha cousa que me gustou moito e comín de firme. Encantado o probe de meu pai (e non contando ca resposta) dixome:

—Que estas contento; te gusta?

—Hay si señor. Sabe que gorenta.

A caraxada foi xeneral. Meu pai mandou que me levasen de contado a escola a Santiago «porque nin falar sabía».

E na escola—nadin eu—desnacionalizarono a voste, enseñaronlle a renegar de todo o galego. Agora nos queremos pros nosos fillos escolas onde se lles dea a cultura do mundo no idioma de suas abos, e teremos como causa de ledicia que cando preguntemos os nosos rapaces se lles gusta o xantar contesten: ¿Sabe que gorenta! ¿E que veñan os que discurren comos da mesa redonda do ano sesenta!...

LUIS PORTEIRO.

Caldas-11-IX-918.

## Descentralización

Na Universidade de Salamanca fíxose unha festa de cultura, e n-ela falou o catedrático da Universidade Central de Madrid Sr. Bullón, fol-direntor general de Primeiro ensíño. Seu discurso fol notable, abordando o tema da descentralización.

Na mesma Castela reconócese ja a justiza das aspiracións nazonalistas. E unha nova e convén conocela.

O Sr. Bullón pranteou d-este xeito o problema da descentralización.

«So-mente pol-o florecemento das enerxias locais e regionaes engrandecerase España á que temos que libertar do exagerado centralismo, de importazón extranjeira, que ten cohibidas moitas actividades da nazon».

A misión do Estado non é desfacer focos de vida, si-non fomentalos, e non lle toca sacar funcións que non lle pertencen por non ser suas, sinon pol-o contrario, garantir a todos os orgos vivos do corpo social seu normal funcionamento.

E certo que lle corresponde ao Estado dar unidade á vida nazonal; mais non a unidade simplista da homogeneidade material propia dos seres in-orgánicos vivos, que non é uniformidade niveladora, sinon armonía.

Cando o Estado autua de piñón nivelador ao cohibir as rápidas manifestacións da vida local e regional, espreme, e ao espremer, irrita e ao irritar, asopara. Por iso anque pareza paradoxa, e o centralismo o maior agente de desgrogazón. Junta os corpos, mais asopara as almas.

O que une aos pobos por riba dos particularismos regionales, son os ideaes colectivos ¡Aí das nazonos que non teñen ideaes! Non son nazonos, son rebaños.

A conceución centralista do Estado está ja en bancarrota hastra na mesma Francia, país crásico da centralización. Hoje ocupanse ja os pensadores e políticos franceses en arranjar pra despois da guerra, unha reforma ajeltada ao nazonalismo».

Esto mesmo dijemos nós sempre, e tomou-senos por tolos, soñadores ou malvados separatistas. Agora e Castela separatista de si mesma.

¡Ou realidade tardas moito; mais ao fin chegas!

~~~~~

Ten para nós interés a política. Non poderemos de certo esquecer a política. As «Irmandades» han de iren emporiso as custións políticas. Mas este problema é secundario após de outros.

A labor mais fonda, mais frutífera das «Irmandades» é a que se encamiña polos eidos da cultura. Crear una generación de mozos nazonalistas, «todos gallegos», é o esencial.

Así as «Irmandades»—e nélo pensan já algúñas—deben fundar escolas onde se faga o ensino primario en galego: onde a alma dos nenos reciba leccións de gramática castelán no noso idioma, leccións de geografía gallega, leccións de Historia gallega, de lectura gallega.

Polo menos todas as «Irmandades» terian que soste unha escola que fose como modelo capaz de imporse logo nas particulares e nas do Estado.

Galleguizada unha generación, o cimento da nova Galicia ficaria feito. Isto, e un laboratorio de Estudos gallegos, gallegos en todo, son o de maior interés para nós.

Os ricos que dicen querer a Galicia, aquí teñen o meio de provar, canto é o seu cariño.

## CONTOS DE EÇA DE QUEIROZ

## O SUAVE MILAGRE

...Todavía a fama de Jesús curador dos males crescia, sempre mais consoladora e fresca, como a brisa da tarde que sopra do Hermón, e através dos hortos, reanima e levanta as azucenas pendidas.

Ora entre Enganin e Cesárea, nun casebre desgarrado, sumido na prega dun cerro, vivía a ese tempo unha viuda, mais desgraciada muller que todas as mulleres de Israel. O seu filliño único, todo aleijado, pasara do magro peito a que ela o criara para os farrapos da enxerga apodrecida, onde jacerá sete anos pasados; mirando e gemendo. Também a ela a doenza a engelara dentro dos trapos nunca mudados, mais escura e torcida que unha cepa arrancada. E, sobre ambos, espesamente a miseria cresceu como o musgo nos penedos. Até na lámpara de barro vermello, secara há muito o aceite. Dentro da arca pintada non restaba grao ou códea. No estío, sen pasto, a cabra morrera. Depois, no quinteiro, secara a figueira. Tan longe do povoado, nunca esmola de pan ou mel entrava o portal. E so erbas apañadas nas fendas das rocas, cocidas sen sal, nutrian aquelas criaturas de Deus na Terra Escollida onde até ás aves malélicas sobrava o sustento!

Un día un mendigo entrou no casebre, repartindo seu farnel con a mai amargurada, e un momento sentado na pedra da lareira, curando as feridas das pernas contou desa grande esperanza dos tristes, ese Rabi que aparecera na Galilea, e de un pan no mesmo cesto facía sete, e amava todos os meniños, e enxugaba todos os prantos, e prometía a os pobres un grande e luminoso Reino, de abundancia maior que a corte de Salomón. A muller escuitaba con ollos famentos. ¿E ese doce Rabi, esperanza dos tristes, onde se encontraba? O mendigo suspirou. Ah ese doce Rabi!, quantos o deseñaban que se desesperanzaban! A sua fama andava por sobre toda a Judea como o sol que até por calquer vello muro se estende e se goza; más para enxergar a claridade do seu rosto so aqueles ditos que o seu desejo escolliu. Obed, tan rico, mandara os seus servos por toda a Galilea para que procurasen Jesus, o chamasen con promesas a Enganin: Septimus, tan soberano, destacara o seus soldados até a costa do mar, para que buscasen Jesús, o conducisen; por seu mandato, a Cesarea. Errando, esmolando por tantas estradas, ele topara

os servos de Obed, depois os legionarios de Septimus. E todos voltavan como derrotados con as sandalias rotas, sen ter descoberto en que mata ou cidade, en que cova ou pazo, se escondía Jesús:

A tarde caía. O mendigo apañou o seu bordón, descen polo duro trillo, entre as uces e a roca. A mai retomou o seu canto, mais triste, mais abandonada. E entón o filliño, nun murmuro mais débil que o rozar dunha oá, pediu a mai que lle trouxese ese Rabi, que amava aos meniños ainda os mais pobres, sanaba os males ainda os mais antigos. A mai apartou a cabeza esguedellada:

—¡Oh fillo! ¿e como queres que te deixe, e me meta aos camiños, a procura do Rabi da Galilea? Obed e rico e ten servos, e debalde buscarán Jesús por areias e colinas, desde Chorazin até ao país de Moab. Septimus e forte, e ten soldados, e debalde correrán por Jesús, desde o Hebrón até ao mar! ¿Como queres que te deixe? Jesús anda por muito longe e a nosa dor mora connosco, dentro destas paredes e dentro delas non prende.

¿E mesmo que o encontrase, como convencería eu o Rabi tan deseñado, por quen ricos e fortes suspiran, a que descese através das cidades até este ermo, para sanar un entrevadiño tan pobre sobre enxerga tan rota?

O meniño, con duas longas lágrima na faz magriña murmurou:

¡Oh mai! Jesús ama todos os pequeniños. E eu ainda tan pequeno, e con un mal tan pesado e que tanto quería sanar!

E a mai en salaios:

—¿Oh meu fillo, como te podo deixar? Longas son as estradas da Galilea, e curta a piedade dos homes. Tan rota, tan esfarrapada, tan triste até os cáns me ladrarian da porta dos casais. Ninguén atendería o meu recado, e me sinalaría a morada do doce Rabi. Oh fillo! tal vez Jesús morrese... Nen mesmo os ricos e os fortes o encontran. O céu o trouxo, o céu o levou. E con ele para sempre morreu a esperanza dos tristes.

De entre os negros trapos, erguendo as suas pobres manciñas que tremian, o neno murmurou:

—Mai, eu quería ver Jesús...

E logo, abrindo pasenñamente a porta e sorrindo, Jesús dice o neno:

—Aquí estou.

## NOVA FE

## HAY QUE ORAR EN GALLEGO

A lingua dos povos e a obra de Deus. Quen arrenega da lingua nativa, da lingua herdada dos seus avós e dos seus pais, arrenega do mesmo Deus, inda que inconscientemente.

A lingua e a alma dos povos. Non se pode pór, pois, a alma unha oración dita nun idioma alleo. A alma sómente fica despida, nua, cando fala a lingua do berce, a lingua ensinada pola nai, entre beljos aloumñantes nas doces horas de agarlmosa ternura.

Unha nova fe, más forte e fonda, mais sinxela e pura, nasce á na nosa terra cando na sombra das naves das irexas e das ermidas, e

ao pe dos crucelros, dourados polo sol, que se erguen nos camiños poirentos, escótese o murmuro de beizos que se dirixan ao Céu, rezando e orando en gallego. Porque, a fala, é o rezo e a oración primeira que lle ten dado Deus aos povos.

Hál que rezar e orar en gallego, irmáns creentes. Hál que lles predicar e ensinar o Evangello e a Doutrina cristiãna en gallego aos gallegos que falan gallego e que son a maioría inmensa dos que habitan na nosa Galicia.

Nada máis íntimo que a oración. Nada máis íntima que o idioma nativo; nada máis santo e sagrado...

UN IRMÁN CATOLICO.

## VIVIR PARA VER...

## Non somos rebaño

## os galleguistas

*Un jornal que se chama galleguista; un jornal metalicatalanizado, un jornal con fachenda de enxebre, mediatizado por plutócratas alleos a Galicia aos que axudan parvamente uns poucos plutocratiños gallegos, mas non galleguistas nen galleguizantes, dixo fai algunhas datas, que aqueles a quenes repersenta aquel papel teñen por xefe a Cambó.*

*Nengún bon gallego pode pensar asin. Nunca os galleguistas dixemos tal enormidade. Nen nos nosos mitís, nen nas nosas follas, nen na colección de A NOSA TERRA atopará ninguén, inda que a olle con contafios, afirmación tan rebaixante.*

*Nós, os galleguistas, poderemos ter alianzas cando conveña con os nazionalistas das outras terras da Iberia. Mas xefes estranos, nón. Sejan de onde queiran. ¿Deixal-os de Madrid para collel-os de Barcelona?...*

*Respeito para Cambó, ben; admiración, os que a sintan, también; inda mesmo gratitude, cando de gratitude seja merecente. Pero outra cousa, non, non, e non.*

*Os galleguistas non servimos a señores que se podan morrer. Servimos idéas. Os galleguistas queremos que a redenzón de Galicia seja obra dos gallegos mesmos.*

*Un partido regionalista español con un xefe, tería de ficar en un partido mais polo jeito dos vellos partidos.*

*Un partido gallego con un xefe alleo—catalán, basco, ou andaluz—sería ridículo e vergoñoso.*

*Inda dixo-o Porteiro fai pouco: Xefes estranos, non.*

*E nós añadimos: e propios tampouco. ¡Proclamar xefe do regionalismo gallego a Cambó, cando os catalás inda o non teñen por xefe, nen teñen xefe que mereza o nome de tal!*

*O nazionalismo, gallego, basco, catalán, pode ter leaders circunstanciaes: xefes, non.*

*Inda non caímos tan baixo como supón o jornal metalicatalanizado.*

*Mas, con todo, por dignidade, é perciso que falen os galleguistas e gallegos que coidan que o pleito noso, antes que nada, é de independencia espiritual, sobre esto: se é posibre consentir sen protesta forte que un alleo seja nomeado xefe dun partido, dunha entidade autónoma enxebre...*

*O Sr. Cambó, mesmamente, e de supór que non seja gustoso de tan abafante servismo.*

*Vivir para ver, irmáns.*

## A GALICIA

Airiños, airiños, aires,  
Airiños da mi terra,  
Airiños, airiños, aires,  
Airiños, levaime a ela.

Balada.

¡All esperta adourada Galicia,  
D'este sono en qu'estás debruzada;  
Do teu rico porvir a alborada  
Pol-o eco enxergándose vál.

Xa cantando os teus fillos te chaman  
E c'os brazos en cruz s'esperguizan  
¡Malpocados, o qu'eles cobizan  
E un bico dos labios da Nail

O través d'aguzados penedos  
Penso ver empinados petoutos,  
Vifias, hortas, devesas e soutos,  
Que apouvirgan os ventos do sul.

E saltando regueiros e valos,  
Cata xa o ntros bos ourizontes,  
Outras veigas, mariñas e montes,  
Que se perden na brétema azul.

Sofio ahí q'uentras verdes pereiras  
Folladas alegres escolto,  
Cando o ceo se viste de loito  
Nas poéticas noites de vran.

E qu'en medio de nenos garridas  
Canta un mozo con voz praxeira,  
Para un lado tumbada a monteira.  
Unha orella tapando c'a man.

Eu sofiet ver na cume do Pindo  
Adornados de mirtos e loureiros,  
Escritores, poetas, guerreiros,  
Que sorrindo se daban a man.

Eran eses os fillos mais caros.  
Que da patria aumentaron a gloria,  
Os saus nomes nos fastos da historia  
Con diamantes grabados serán.

¡Acorde! O meu sono dourado,  
Como fume pasou de repente,  
E magoado o meu pelto se sente  
De soldades e amor palptar.

Marmurel: ¡adourada Galicia!  
E dos ollos chovianme as bágoas.  
¡Quén poidera beber tuas ágoas,  
E teus aires feliz respirar!

A ti voa entre ardentos suspiros,  
Sobre as trémutas alas do vento.  
A soldade do meu pensamento  
Que de cote cravado está en tí.

Por diversos países qu'eu vaya,  
Ti serás miña doce memoria;

¡Mesmo entrar non quixera na gloria  
Sin primeiro pasar por ahí!

† FRANCISCO AÑÓN.

## A redacción de A NOSA TERRA

Temos na carteira traballos dos nosos redatores de toda Galicia: entre outros, de Porteiro, Quintanilla, Peña Novo, López Abente, Cabanillas, Risco, Losada Diéguez, Noguerol, Banet Fontenla, Taibo, Culebras, Blanco Torres, Rodríguez Elias, Correa Crlderón, Bethancourt, Viqueira, Rodríguez Sabio, Varela, etc., quenés, agora, colaborarán en casi todos os números de A NOSA TERRA.

## UN GRAVE PROBLEMA

## AS ESCOLAS ANTIGALLEGAS

Chega a época da abertura do curso académico. Este ano, como sempre, falarán eloquentemente muitos doutos señores. E as súas palabras, como fume, subirán para perdérense esvaidas no esquecemento.

E hal, con todo, un serio problema en Galicia. O problema da escola de primeiro ensino. A escola elemental e o fautor mais triste de desgalleguización, de sacrificio da raza.

Como na nosa terra poucos son os que coidan de interés o que non garda relación con as vilas, apenas se algúns repararon nos feitos que imos apuntar

E de certo que as escolas ruraes do Estado, son escolas onde non se da ensino especial. Falselle adprender aos nenos que a elas asisten o mesmo que aos nenos das vilas.

E por se isto o non fose já absurdo, moitas sociedades de irmáns nosos das Américas, axudan a facer mais grave o problema. Os gallegos emigrados, queren, ante todo, que as escolas que eles pagan sejan escolas para emigrantes. Hal escolas destas na nosa terra, nas que os rapaciños adprenden geografía de América, e nengunha apenas de España e Galicia; nas que adprenden también mecanografía, mas non cousas agrícolas ou relacionadas con as industrias gallegas.

Esta clase de educación e instrucción é, pol-o general, a que ven impoñéndose nas nosas aldeas. Educación e instrucción que fai dos nosos nenos seres cubizosos de abandonar a patria, de desprezar a terra, de sentiren desleigamento pol-a agricultura e por todas as cousas do campo.

E non está na emigración o remedio para os males de Galicia. O remedio dos nosos males está no progreso do campo, no fomento de industrias agro pecuarias pesqueiras e mineiras; e mais aínda sendo como e a nosa terra rica, con un chan tan grande como o de Bélxica, pero coasi vírgen de explotacións e pouco

povrada. A base disto, pensando en impoñer a os gobernos a vontade de ter vías de comunicacións, é como debe facerse o eusino da mocidade aldeana.

O outro e un crime de lesa patria, inda que involuntario. Non queremos con esto ofender a boa fe dos nosos irmáns, dos nosos queridos irmáns emigrados. Queremos chamar a atención de todos os gallegos e a daqueles también sobre problema tan grave e transcendental.

A cuestión do ensino en Galicia e primeiro que de edificios de mestres. Un bon mestre pode facer unha boa escola a sombra dunha árbore, dicía Rousseau, E mais e de certo.

Non chegou aínda o tempo de empregar cartos en edificios. Nas nosas aldeas hai casas que con pequeno amaño serven para escolas. Nesas casas poñede mestres ben pagados, mestres conocedores dos problemas do campo gallego, que sejan como minstoneiros, que ensinen a os rapaces os arados e as máquinas e industrias e cultivos modernos; que ensinen a raparigas a contabilidade que ten de levarse nas pequenas industrias, e veredes se enton surden generaciós amigas do progreso nas que a cidadanía porá a flor da liberdade gallega.

Hoje, na verdade, a escola rural de primeiro ensino desleiga desgalleguiza a os fillos dos labregos e dos mariñeiros. Fal fuxir do campo como dun inimigo a os que no campo naceron de pais e avós campesíños.

E este é un grave, serio, transcendental problema que agarda unha solución urgente.

Nós, damos a voz de alerta. Agora que chega o momento solene da abertura do curso convén moito decir a berros estas tristes verdades, nas que apenas ninguen reparou até hoje.

A vida do cuartel, ja arreda moitos biszos labregos do campo. Moitos labregos que van ao servizo logo non se ajelta a volta para a aldeia. E a escola rural axuda a esta deserción.

## A ROSALÍA

(Feita a raíz da sua morte)

Do mar pol-a orela  
Mireina pasar,  
Na frente unha estrela,  
No bico un cantar.  
E vin-a tan sola  
Na noite sin fin,

¡Qu'inda recei pol-a probe da tola  
Eu, que non teño quen rece por min!

A musa dos pobos  
Que vin pasar eu;  
Comesta dos lobos,  
Comesta morréu...  
Os osos son d'ela  
Que vades gardar.

¡Ai, dos que levan na frente unha estrela!  
¡Ai, dos que levan no bico un cantar!

† M. CURROS ENRIQUENZ.

## LIÑAS TRISTES

## Caiu un loitador

Finouse en Betanzos un dos «bos e generosos»; un dos que vivirá sempre nas nosas lembranzas e que terá un doce recordo na alma da mocidade livre da libre Galicia do porvir...

Finouse na cidade do mandeo un galleguista rexo e enxebre: o segundo conselleiro daquela «Irmandada» un dos fundadores daquela «Irmandade», inimigo de toda juntanza con os vellos elementos caciquis, un dos mozos cultos que coidava, como artigo de fe e de evidencia que Galicia é unha patria abajada, unha nazón escrava e apreixa polos grillóns da cadeia centralista.

Falamos de Antón Fiaño Miravalles. E falamos déle con os ollos cheios de pranto. Un loitador que se foi para sempre; un mozo intelixente, tra-

ballador, estudoso, de espírito san e de corpo magro e adoorido.

Fiaño, era un prestixio entre a mocidade pura do galleguismo. Fiaño, era un home moito querido de todos en Betanzos. Un cidadán exemplar. Un corazón de ouro. Unha vontade de ferro. ¡Malía a morte cega que o matou!

O enterro do pobre Fiaño foi mostra crara de canto se lle quería no pobo de Betanzos. Ele que pechou os ollos para sempre, pensando na súa, na nosa Galicia libre, envolto na bandeira azul e branca da Patria desceu a cova do cemeterio.

Ali temos que levarlle flores cantos vaiamos a Betanzos. Todos debemos visitar a súa sepultura, sempre que nos seja doado. O esquecemento para os «bos e generosos» non se pode anñar nunca nos corazóns dos que formamos as gloriosas «Irmaduras».

A lembranza luminosa de Fiaño será unha nova bandeira, un novo estímulo para a loita

¡Irmáns de Betanzos sentimos con vosco esa perda funda!

Pensem en erguer triunfante a bandeira santa que envolveu o cadáver do admirabel galleguista.

#### DESPOIS D'UN CONGRESO

### PEQUENAS CONSIDERACIONES

Euskadi e Catalunya, indiscutiblemente, son as dúas nacionalidades ibéricas que dentro do Estado español, teñen mais afirmada a súa persoalidade. Esta afirmación da propia persoalidade, que tantas cousas esenciais abarca, abarcou tamén, como non podía sere menos, o alumbramento d'unha cultura propia, autóctona, catalanísima en Cataluña. Está escomezando a producirse o alumbramento d'unha cultura xenuinamente basca, sin inxerencia algunha allea, en Euskadi. Auras enorgullecidas consecuencias, son o froito do patriotismo fervente, eisaltado i-eiscrusivista d'aquelas terras. Son o resultados da semente nazonalista, qui, a forza de traballos puido xermolare. E estes resultados do despertar nazonalista nas nomeadas terras, contituen a maior gabanza do ideal político qu'os determinou. Veñen a sere com'o timbre de gloria d'aqueles movementos, causa basica, fundamental do emerxemento das novas culturas autónomas, peculiares, propiamente suas.

Eisí como en Catalunya todo o seu renacemento cultural pode concretárese n-un soio nome: O Instituto d'Estudios catalans. Do mesmo xeito en Euskadi axiña terá lugar, coá creazón do seu Instituto d'Estudios Vascos—que ineludiblemente virá despois do congreso d'Oñate—a intensificación da cultura propia, da cultura autóctona que n'aquel Instituto moldearase, adiquirindo a súa plasmación definitiva. I-eisí d'ista maneira, traballando cada unha pra si mesma e por si mesma, terán de faguer mais pol-a cultura ibérica as dúas terras en cuestión que cantas disposizions, medidas e orgaismos novos sallan do centro ou se creen n-él.

Todo o oficial é frío, fallo de quentura. N-istas condizóns o seu infruxo, cando non pernicioso e destructor pr'as iniciativas particulares. Ten pol-o menos que ser indiferente, nulo, fallo de virtude creadora. A labor, pois, qu'as dúas nacionalidades modelo veñen efectuando nos seus respeitivos territorios, vai pouco a pouco dando fin á labor negativa, falla d'orientación, qu'o Estado languidamente leva a cabo, A iniciativa das nacionalidades despertadas acabará por arrinconar á do Esta-

do. O vello sempre deixa o seu posto pra qu'o novo avante libremente. O mesmo ten de sucedere n-iste caso. E cando en vez de Euskadi e Catalunya soias, sexan Galicia e Valencia e Andalucía as terras onde emerxan novas culturas propias, limpas de influencias alleas ás terras respeitivas, entonces será chegado o momento de qu'o Estado momia, o Estado carreta, o Estado pedra se vexa obrigado a faguer delegazón nas nacionalidades qu'o constituian de moitas funcións qu'oxe detenta en perxuicio das terras qu'o integran. E'antre istas funcións, unha das principais será a do insiño en todo'os seus grados. D'iste xeito cada nacionalidade recobrará aquel sagrisimo dereito da súa educación nazonal qu'oxe olla en mans alleas afeitas mais amanexar a tralla do tirán qu'os útiles do traballo.

Por outra parte, iste nacemento de correntes culturais particularísimas é independentes, nas terras qu'integran a Península, é un feito de trascendencia enorme pr'o porvir da cultura ibérica. Da suma de variedades culturais que cada nacionalidade peninsular vaia aportando, indiscutiblemente sairá a superior unidade cultural do Estado ibérico. E ista unidade, lonxe de sere algo uniforme, sin faceta, fallo de matices, será, moi pol'contrario, unha unidade varia, múltiple, vertebrada pol'as peculiarísimas unidades culturais a que dea orixen cada nacionalidade. Efsí, soio eisí, a incorporación de Iberia á cultura universal abranquerase totalmente e sin esforzos. Por dereito propio. E tal incorporación será un dos froitos do triunfo nazonalista.

FEDÓN.

## BERROS de LOITA

# XUSTIFICAZÓN

Eu, en realidade, debería xustificarme, pra que non fose sospeitoso o meu nazonalismo ardente e apaixonado.

Eu vivo en Madrí, como podería vivire na isla de Ceylán.

Calquer d'istas terras son pra min, terras extranxeiras.

Como son tamén, a Cochinchina, a Caucasia, ou o Polo Norte

E inda non sei... Porque istas terras, teñen pra min un raro espellismo exótico.

E Madrí só pon no meu espírito unha xeurreira forte, atávica e anárquica.

Dende o meu niño, aló na miña Galiza soidosa, na cibdá morta na que soñei tanto, Madrí aparecía diante dos meus ollos pechados, como o pobo de promisión...

Despois, o pasar pol-a ferrovía rentes das ribeiras do Sil, inda me sentía na miña patria.

O doce cauce, marmulando outr'as penas i'as laxes rexas era como un simbo da miña terra.

Foi oscurecendo i'o tren avanzou na noite negra como un túnel eterno.

Amaneceu na Terra de Campos.

¡Ouh, que visión mais queimada e atormentada!

Endexamais me maxinara aqueles desertos...

¡Ai, como sentín a estrañeza da terra estranxeira!

A miña Galiza quedaba tan lonxe...

Xa estaba na Cochinchina, na Caucasia, no Polo Norte, na Terra de Campos...

Despois fun pasando polas terras mouras de Castela, com'as terras da Biblia, sementadas de sal.

¡Madrí!

Dend'estoncias son como paxariño de Rabindanath Tagore.

Xa non teño aas pra voar!

Dend'estoncias estou encadeado a ista vida, a ista cibdá, coma un Prometeo mozo que so tivese forza, alento, e o fogo mitolóxico, na súa alma atormentada.

Mais quedame a vinganza, meus irmanciños, que n'iste panteón, n'ista cibdade morta, so está o meu cadavre, e con voutros, na Galiza soidosa e lonxana, esta o meu espírito vivo e ardente.

Porqu' eu estou eiquí como unha tsrra extranxeira.

Como estarei dempóis en Paris ou en New York ou en Calcuta, os países que teñan pra min un mais dourado espellismo, porqu'eu teño unha alma de emigrante e de romántico, e camiñarei po'-o mundo coma un romeiro que fose en pelegración a unha Compostela maxinaria...

Mais eu estarei con vos, irmáns, invisible como está Dios na hostia branca, no diviño pan ácimo.

Porque son primeiro galego, despois galego e sempre galego.

E cuasi me da noxo que Galiza sexa colonia de España...

CORREA CALDERÓN.

#### GALEGO E CASTELÁN

ou

### O CASTELAN POL-O GALLEGO

*Istas liñas son esquirtas pros galegos de boa vountá, son un aldravoazo n-as portas d'as escolas galegas pra qu'o oian os mestres e ispeutores que percuran a mayor istrucción d'o pobo, e son un chamamento ó baril galego Fraiz Andón y-ós seus colegas os directores das demais Escolas Normaes d'a Galicia.*

N-as nosas escolas de primeiro ensiño, pérdese a metá d'a labore que n-elas fan os mes-

tres c'o xeito castelán que lle dan ás súas ensiñanzas. O neno galego, afelto a ouvir e falar galego n-a familia e n-a rúa, con mul cativo vagaxe de mal adeprendidas verbas casteláns, val á escola donde soamente ouve, por mandato d'un asoballante centralismo, as espricaciós que lle da o seu mestre n-unha lingua allea, istraña, que ten que enxerguer ó tempo qu'o seu tenro cerebro vai laborando, n-un dobre porceso psíquico, o conecemento que lle queren transmitir. ¡Ben queda o per cento pedagóxico "poucas cousas a un tempo!

¡Hai que evlitar o neno galego unha autvidá mental tan intensa pra que renda todo'os froitos que pode rendire sin chegar a fatiga

nervosa, o surmenage funesto, a apatía o estudo. Fan falla libros galegos pros nenos galegos, e sea que hoxe non-os teñamos, é mester qu' o mestre supra o libro faguendo o mais asequible posíble os coñecementos elementás e necesarios as creanzas. ¡Un libro castelán para adprender cousas n-as mans d'un neno galego! ¡Qué paradoxal! ¡Qué dirían os mestres ibéricos todos si mañán tiveran unha orde mandándolles ensiñar os rudimentos d'as cenzas en italiano, poño por exemplo? ¡Formosos adiantos!

Por iso escribiu o competente mestre Ballesteros: "Falar os nenos e faguelles decire cousas que non entenden conducen necesariamente a anular as facultás intelectuás, alentando n-ilas a priguicia y-a inacción."

E sobor isto mesmo, fai poucos meses, escribía o miúdo ispeutor escolar d'Ourense Sr. Couceiro Freijomil istas verbas ben pensadas: "Todol os mestres galegos notarían n-as súas escolas o feito muito curioso de qu' o neno d'o campo e o d'a familia obreira d'as vilas e cidades porguesa n-o ensiño bastante menos qu' os fillos d'aquelas familias n-as que se fala o castelán." E mais adiante: "O neno galego ha tere que ver a inferioridá en que se atopa con respecto os nenos non galegos, ou que, send-os, conocen o castelán."

"E d'iste xeito convéncese de que é verdadeiramente inferior a esoutros nenos, e perde a confianza n-a súa labore, e como, aínda que se esforce, non logra enxerguer o maestro como os outros, y-é por iso as veces castigado sin deber sel-o, acaba por odial-a escola."

"E non é isto só, sinón que, convencido o pícaro d'o seu pouco valore, false tímido, encolleito y-escomenza por levare a vida isa tímidez y-encollemento."

Un compañeiro meu castelán, que serve en Galicia, contoume que, despois de unha longa esplicación d'os *helechos* (feutos, felgos) n-a escola, os nenos entenderon que eran berzas. Y-o maestro tivo que amosarlles unha d'isas criptógamas *fora de ocasión* pra destrabucalos. E un cativo díxolle:

—Isos son feutos, Sr. Maestro. Elquí chamámoslles así.

Non podemos privarnos d'o galego n-as nosas escolas si queremos aproveitare o tempo, si intentamos ensiñar mais e millor, si pretendemos aforrarlle o educando enerxías

## CADRO BRANCO

*Temos visto fotografados nos que aparecen os deputados bascos, de etiqueta, beilando na compañía de donas distinguidas, o Aurreku, na plaza de Oñate con motivo das festas do derradeiro Congreso.*

*De fraque e sombreiro de copa, eles, e de branco, elas, brincaban facendo roda, collidos polas mans, no meio da plaza pública, diante dunha imensa multitude.*

*Tambén os señores catalás bailana Sardana na ruas, cando hai festas solenes*

*E sinteu fachenda nobre con ilo.*

psíquicas; temos que valrmos d'el pra qu' a nosa labore renda mais froitos. Non podemos desterrar o galego d'as escolas porque é algo consustancial c'o neno e informa todo o seu mundo espiritual, toda a súa vida de pasiós, sentimentos, impresiós, ídeas, pensamentos. Ire contra el é demolere unha persoalidá sagrada feita n-a infancia por un mestre perfeito e infallible: pol-a Natureza. Temos n-as escolas que valernos d'o galego, que ben dixu o gran pedagogo friburgués P. Girard: "As verbas, pros pensamentos; os pensamentos, pro corazón e pra vida." E o neno galego ten pensamentos galegos, corazón galego e vida galega.

Cando os tempos corran, e non demorará muito o día desexado, chegaremos a gran confederación d'as naclós ibéricas independentes, autónomas, e destoncias, como hoxe nos, teremos un linguaxe auxiliar común a todas, que, por mais falado—ouh, Brasil—, será castelán. Por iso cumpre adprender a nova lingua de Castela; é comeñente, necesario obrigarlo. Eu digo con F. Sarmiento: "Somos partidarios de que se ensiñe con lgoal intrés a lingua nacional qu' o dialeto local. A primeira tende a asegurare a unidá d'a matria l-o segundo a conservare as tradicions rexonales, i é sabido qu' a rexón é pro home unha matria mais natural e menos variable qu' a razón."

I-esta obriga de ensiñar o castelán n-as escolas galegas é unha razón mais que abona a insifianza d'o galego i en galego. E elemental e lóxico que s'ha de ire sempre d'o fácil ó difícil, d'o sabido ó por sabere, d'o coñecido o desconocido, d'o sinxelo ó complexo. A ningún castelán se lle ocurriría enseñal-o francés sin dicire unha verba n-o seu propeo linguaxe. Pois dous cartos do mesmo nos debe pasare os mestres galegos pra faguer adprender o castelán. Todol os pedagogos dicen c'o ilustre Campayré: "O verdadeiro método gramatical (pro insiño d'a lingua nacional) consiste en apoiarse sobor todo n-o uso d'a lingua qu' o neno trae d'a familia." Ista é pois a nosa marcha, e non se nos debe esquecer qu' o linguaxe maternal que trae o neno n-os beisos é santo i-é sublime porque é amore, é dino d'o noso respeto, é merecente de que lle dian pulimento, brillo, é a millor base pra erguer o edificio d'outras linguas.

Os galegos debemos conocer ben, pra millor amal-a e mais medrados faguernos, a nosa terra; e non se conoce ben un país si non se sabe d'o seu pasado, persente e porvir; si se desconoce a súa lingua y-a súa literatura; si non se estudan os seus parpitantes problemas. Hoxe, os mestres españoles, teñen en total-os idiomas un curso obrigatorio de Xeografía rexonal aplicada ó país donde viven. ¿E por qué non se fal o mesmo co-a lingua de cada unha d'as rexóns qu' a teñen própea?

Barcelona, Tarragona e Valencia xa conqueriron pras súas Normaes isa asignatura vountaria e gratuita. ¿Qué fan as nosas Escuelas Normaes? ¿Qué dí o enxebre Fraiz Andón? ¿Por qué non hemos de conquerire este drelto? ¿Non se atoparía un profesor galego de boa vountá? ¡Oh si as Irmandades d'a Fala tuveran multos cartos!

A. SANTOS VILA.  
(Mestre nazonal).

## Aviso aos nosos suscritores

Rogamos a cantos veñen recibindo A NOSA TERRA e inda non se puñeron a cuberto con ista Administración o fagan o mais axilia posíble. Rogamoslles tamen aos que reciban algunha correspondenza nosa, teñan a amabi-

lidade—xa que non por outras razóns—de non contestare, en un seuo ou en outro.

Hoxe empezamos, ben a pesar noso, a publicar a lista d'algús dos nosos suscritores, que dempois de estar recibindo o boletín, neganse agora a pagal-o importe da suscritión con unha frescura e sinvergüería sin lgoal.

Pablo Roura, de Muros.

Manoel Casariego, de Ortigueira.

Manoel Gomez, de Santander.

Por hoxe abonda.

## O NOSO CONCURSO

Teñen anunciado mandar traballos ao concurso de novelas curtas, poemas e pezas teatrales, algús notabres escritores e poetas.

O plazo señalado para fechar o concurso e o do 1.º de Novembro próisimo.

Os traballos, según temos dito, non porán vir firmados pol-os autores. E perciso que o nome ocúltese nun sobre con lema que encabece o orixinal. Como e de costume nestes concursos.

O Jurado emitirá seu fallo con absoluta imparcialidade. Os traballos de maior mérito levarán o premio.

## NOVAS DA CAUSA

### A próisima campaña galleguista Grande entusiasmo no seio das "Irmandades"

Ten que ser demorada a campaña galleguista que se ven organizando para este outono. Porque algús dos propagandistas sofiron doenzas e outros atopáronse con traballos urgentes.

Pero o plan já está feito. Distribuíronse os temas das conferencias que darán os irmáns

## CADRO MOURO

*Na Cruña, e noutras cidades e vilas gallegas hai moitas festas e verbenas.*

*A elas van as señoras locindo o mantón de Manila e demais prendas de chuleiría. A elas van os señores a bailar pasodobles flamencos ao son do organillo.*

*Con a escepción de Vigo, as festas de señoras con trages típicos do país non se conocen apenas en Galicia.*

*Mais o que é pior: nengún baile gallego, nen muiñeira, nen riveirana, etc., se baila nunca nas festas vilegas da nosa terra.*

*Parécelles vergoñoño aos escravos do centralismo.*

nas cidades que visiten. Fíxose un estudo das horas, dos días e das combinacións de trens para que todo saia ben.

E o grupo de propagandistas vai sendo brillante. De Ourense, Irán Losada Diéguez, Risco, Nogueiro, Otero Pelayo e algún mais.

Da Cruña, Balboa, Peña Novo, Velga e Villar Ponte (A).

De Santiago, Porteiro, Vázquez, Enriquez Cufrebras.

De Monforte, Banet Fontenla, Farifia e Hermita.

De Vigo, Amoedo; el de Pontevedra, Castela e Cabanillas; do Ferrol, Quintanilla. Entre mais dos que agora non temos lembranza.

Eles espallaran o credo redentor do galeguismo, livres de xefaturas e de presións alleas, por toda a Terra.

\*\*

Tambén as "Irmandades", pensan publicar, separadamente, ao finar o ano, un resumo dos traballos feitos.

Con elo darás unha impresión forte, chela de fe, esperanza e vontade, que ninguén soubo dar aínda.

\*\*

A distinta e formosa dona do noso grande amigo e irmán Lois Pérez Carballea, fixo o parte do natalicio nunhas targetas impresas escritas en galego.

Ofercen unha nova prova, con tal motivo, do patriotismo grande que leva acceso no corazón.

Para o culto e querido irmán, a quen todos admiramos e respeitamos, con a embora, unha agarimosa aperta.

## Os nosos irmáns desterrados

Das Américas e Portugal vimos recibindo mostras d'entusiasmo pol-a nosa labore e animándonos a seguilo camiño emprendido e como sempre tamen d'ellos o exemplo os d'elquí posíndose o corrente nas suas contas.

Nos correspondendo ao seu encargo remítimoslle xa os modelos das pracas que lles, dando unha mostra-mais do amore a nosa escravizada terra e os seus homes ilustres, adicanlle os nosos mortos, Chané e Rodríguez López, pracas que son obra do noso IRMAN HONORARIO e gran escultor Xaquín López Mirás.

De ser do agrado dos nosos irmáns da Asociación Coral galega de Bós Aires, entidade iniciadora do dito homenasee axíña faremos unha manifestación pra deposital-as nas correspondentes tumbas.

Téñense recibido já, na redacción de "A Nosa Terra", algúns originais para o concurso de novelas curtas e poemas.

O prazo para a admisión de traballos fina o día 1.º de Novembro próisimo.

O xuízo do Jurado será feito con absoluta imparcialidade.

## Astr-a morte

¡Monteira despladada!  
¡chaqueta con remendos!  
¡zoquiños que sabedes  
de lamas e de selxos!  
¡terrons dos pedrugales  
regañados e secos!  
¡llegón dos meus suores  
calzados en duro aceiro!  
¡Traballo santo,  
cómo te quero!

¡A da surrisa tristel  
¡a da homilde m'radal  
¡a do peito afundido!  
¡a da carifia flaca!  
¡probeza, misia moza  
eterna nolva branca  
que tras de min, tusindo,  
camifias abafada!  
¡Como te quero  
probeza santa!

¡Non me deixedes soyo,  
levádeme no medio,  
Probeza, misia moza,  
traballo compañeiro!  
¡y-ó final-a xornada,  
no patrio chan gallego  
abride a misia cov  
e botádeme dentro!  
¡¡Quero calr c-o corazón sangrando  
e c-un bico nos belzos!!

RAMÓN CABANILLAS.

O froito que donan os políticos gallegos

## O REXIONALISMO BESADISTA

Pubricoise fai poucas datas na "Gaceta de Madrid" unha R. O. pol-a que se dispón que se despachen con franquicia de dereitos d'arancel as carnes conxeladas que s'importen do estranxeiro. O pé da dita R. O. aparece a firma de don Augusto González Besada, ministro da Facenda no actual Gabinete, nacido en Pontevedra (Galicia) e preonizador de unha certa doutrina (?), pra engaloiare parvos, que se coñece co nome de "rexionalismo ortodoxo".

Galicia, rexión gandeira por eiscelenza, moi posiblemente sairá perdendo co'a tal medida gubernamental. Pra ela non hai aranceles protectores, nin proteccionismo de ningún xeito. Chamárase Cataluña ou Castela i-estonces a cousa sería moi outra, Mais e Galicia e, por sere Galicia, cábelles a triste vergoña de qu'un ministro nado n-ela sexa o firmante d'algo que pode perxudicarlle moi grandemente.

¿Qué dí a isto a borreguería luguesa que tan contenta s'amostra con tere como repersentante en Cortes os criados de tal siñore? A bon seguro qu'a arcádica provincia de Lugo—a que, dito sexa de paso, tanto afeuta a citada Real orde—non se donará conta da importancia do asunto e seguirá, como de cote, sin faguer nada e degoírándose por qu'os asoballamentos qu'a esmagan se fagan cada vez mais grandes. En verdade qu'os pobos non teñeu mais qu'a quele que se merecen.

Suscríbese A NOSA TERRA

Non se vende solta

APRECIACIÓNS D'UN ENXEBRE

## XOGO DE VERBES

Moltas foron as veces qu'elquí, n istas mesmas páxinas, se defineo o qu'era sere rexionalista e o que significaba sentirse un rexionalista. De modo crarísimo se deixaban sentadas as diferenzas que caracterizaban a unhos e a outros. Mals o equívoco persiste. A confusión sigue reinando. E, a despeito de todo, os mercachifres e os presados de todol-os ideaes siguen f'guendo uso de apelativos, que sirven pra encubrir a podre que n-eles s'oculta.

Irremediabilmente, as verbes rexionalismo, rexionalista, prostituídas oxe como están, deben sere desbotadas por todol-os que de veran sintan o santo ideal da patria galega. A espiritualidade de tales conceitos foi groseiramente profanada. A sua outa significación esquecida, villpendiada pol-o que non se parou en melon pra chegar o seu medro personal. Das ditas verbes solo fica oxe a lembranza de tempos en que solo os puros s'acollían a elas, e de días en qu'elas foron como o santo e sefia con que se reconocian os cruzados do único patriotismo lóxico, do natural e verdadeiro. Os ternos rexionalismo, rexionalista son, pois, francamente rechazabres.

Non houbera istos motivos qu'hal pr'o rechazo e aínda as ditas verbes merecerían a repulsa. O seu enunciamento, o mero feito d'admittilas un como expresión ou esterlorización dos seus mais caros sentimentos e arelas, contén impricitamente unha negazón rotunda. E ista é a negazón d'algo que, pr'ós verdadeiros patriotas, pr'ós patriotas sin lixo, é a esencia, o fundamental, o razón de todol-os seus degoiros e de todol-os seus mais caros entusiasmos. Algo, n'unha verbe, que ven a sere o que xustifica os afans, os desvelos e os sacrificios. Decir rexionalismo equíval á non admittire a existencia da nazonalidade natural, a condicionar a patria propia, mediante un rebalzamento de categorías que supón subordinación, dependencia, inferioridade. E isto cómo toleralo xentes que, cal as que compoñen a baranda falanxe galeguista, poñen por riba de todo a afirmazón de persoalidade nazonal galega? Non podía sere e non é.

Fique iso de rexionalismo pr'ós tartufos qu'endexamais souperon sentil-a patria. Siguen eles, como de cote, pensando qu'a patria solo é boa cando favorece as persoales comenezas eque, n-iste senso, todal'as terras poden sere patrias d'un. Non deixen de coldar, como agora o fan, que con estradas, camiños vecinaes e con mainzo todo s'hachará resolto, dado qu'o demais é secundario. Eles son moi donos de pensar como lles pete. Por nosoutros ande o movlmento, inda qu'iste movlmento se reduza solo á comarca pontedeumesa e aledaños, cal si non houbese outra Galicia qu'isa. Ninguén reparo temos d'oposier, unicamente ocliresenos decir que despois d'un xeado castelan resulta millor un apagado tierra la nuestra que non o berro ¡Terra a nosa!

C. BERMÚDEZ PENA.

Villanova de Lorenzana. 22 Setembro.

## SUSCRIZÓN

aberta entr'as mulleres galegas pra donarlle unha bandeira a «Irmandade da Pala da Cruña

Sras. e Srtas. Sara González, 1 peseta; Anita Durán Otero, 2; Xosefina Pedrosa Casal, 1; María Balboa López, 5; duas donas de Carral, 2; María Mourifio, 0'50; Hortensia Parga, 1; Anxela Blanco Pérez, 1; Luisa Souto de Cufrebras, 0'50.



## ORVALLO

No cume d'un monte  
despegáronse os húmidos lenzos  
da brétema oscura,  
que fono correndo  
paseniño, solemnes, tremando  
no sopro do vento,  
a apagare do sol as raiolas  
que cruzan o céo  
e a tapar a beleza infinita  
do azul firmamento.  
Sobre a terra, frotando, pasaron  
vaporosos velos,  
e os verdes dos campos sentíno  
marmulal-lo alento  
d'un encanto sutil, vagaroso,  
que leva o almbre do amore nos beizos.  
Cal bagullas, caíron as pingas  
mludas, o mesmo  
que cán as salmódías  
dos debotos nas naves d'un tempo  
Debulláronse as nuves de chumbo  
n'un cosáreo eterno  
de pingotas que van pola terra  
caendo, caendo.  
Incansable, cal fal o prubíño,  
pedichón e terco,  
é o orvallo calmoso que chora  
nos meses de inverno,  
cuyas bágoas de vidro están sempre  
caendo, caendo.  
Eu non odio este orvallo constante,  
este orballo constante e lixeiro  
que amolece as entranas da terra,  
forma doiras e engorda os regueiros.  
Eu non odio este orballo bendito  
que chorando val tras d'un desejo,  
porque é imágen da nobre firmeza  
que bule no peito  
da canzal e baruda familia  
do campo gallego.

GONZALO LÓPEZ ABENTE.

## DO ÍNTIMO

A Ramón Villar Ponte

Pr'amar os meus nunca fixelme en que  
foran feos ou fermosos.  
Amo a miña nal porque é a miña.

Eu sinto unha fonda xenreira contr'os que,  
cando da nosa lingua tratan, teñen qu'embor-  
car o pote dos adxetivos. Chaman-a armoñosa  
e mimosíña. Mais... a non falan.

Eu sinto odio contr'os que falan en tono  
loubatorio da Galicia de ríos e montañas, de  
corredoiras e de vales. Mais... a non sinten.  
¡Imbécles! ¿Quen non ve fermosa a súa  
Pátrea? ¿Quen non coída armoñosa a súa  
lingua?

Eu non nego armonía a miña fala.  
Eu non nego fermosura a miña terra.

Proplos e alleos n'esto coinciden.  
Mais aínda qu'elsi non fora, eu tería pra  
elas o mesmo amor, violento e salvaxe si se  
quer, que por elas sinto.

E serían pra min as milliores porque son  
miñas.

A miña Patrea...

A miña Lingua...

UN IRMÁN.

A Cruña.

## Cántigas populares

Si tealcontras triste, canta,  
que son as cántigas, queixas,  
que se suspiran, sin bágoas.

Desque doblou a campá  
pola súa morte, pombíña,  
inda que a gloria replique,  
sempre me sona a aguña.

Aicendeulle miña sogra  
unha vela a San Miguel.  
¿A quen terá devoción?  
Por qué o Santo, non lla tén.

Nantronte, roubelche un bico,  
onte, fún a Confesión,  
e oxe, veño a devolvercho  
cumprindo a restitución.

Desque che rondo eu a porta  
sempre me axexa tua nai;  
cando tanto se malicla,  
bo foi de nolvo, teu pai.

Non sintas, pol'os que gozan  
moitas heredás, envexa,  
que todos temos d'abondo  
con catro palmos de terra.

Ituslos d'a xuventude  
que morreron n o meu peito  
si vos quero lembrar  
sollo vexo un clmiterio.

A maneira d'as terclanas  
e pra mín o teu amor;  
lexos de ti, sinto frío  
preto, abafío de calor.

¡Ay quen tivera anduríña  
as tuas lixeiras así  
pra poder ver o fillíño  
que pol'a América está.

Non teñas medo qu' o sol.  
me poña morena a cara  
plor e que alume a lua  
teu lindo rostro, rapaza.

† M. LAMAS CARVAJAL.

## ECONOMÍA GALLEGA

### Palabras de Bartolomé Calderón

O asalto aos armacés de Rábade e d'ou-  
tros povos déume a razón a min. Asegúro-  
vos que se eu fose juez ou jurado neste  
asunto, con moita conciencia absolvo aos  
labradores, pois non é culpa deles, senon  
das clases da sociedade que podendo non

teñen feito absolutamente nada para evitar  
o que está socedendo e ameaza desde fai  
mais dun ano. E perciso que acaben por  
darse conta as clases directoras do povo  
gallego, de que os intereses sociaes da re-  
gión fican mais para aló dos límites da rua  
Real e de meia ducia de plazas públicas  
doutras tantas vilas; que cando un cataclis-  
mo terrible que avala até os cimentos da  
economía social do mundo, perturba e apèr-  
tanos tan fundamente, é un erro perigoso  
pensar en combatilo tasando os ovos e  
pondo un prezo artificial as patacas. Esta  
maneira de resolvermos un delicado e com-  
plejo problema tería disculpa na Rusia de  
fai 15 anos, mas non se explica na época  
actual, sobre todo cando imos vendo o feito  
a nosa beira en Inglaterra, cousa de que  
falei algunhas veces.

O que socedeu en Rábade, Lugo e outras  
vilas, terá que repetirse, decerto, noutras  
partes, pois o calexón sen saída da política  
económica descabelada que impera na Es-  
paña, non pode levar mais que a baixa da  
produción e a miseria. Se no logar deses  
dous anos ou mais de picariñadas e des-  
acertos no problema das subsistencias, hou-  
véra-se traballado seriamente no problema  
da produción e tivérase resolto a suba do  
pago do traballo, o consumidor pagaría un  
poico mais caras as patacas, pero este in-  
comenente estaría recompensado longamen-  
te polo alza dos jornaes e os soldos, e o  
produtor tería interès en producir todas as  
patacas que percisa o consuuo interior, e  
ademais grandes cantidades para exportar,  
que lle crearían recursos no extranjeiro  
para pagar os artigos que non poden de-  
ixar de importarse. Deste jeito faceríase  
entrar na región gallega unha particiña  
dos beneficios da guerra que recollen outras  
regións millor situadas e preparadas eco-  
nómicamente.

Como ocorreu en Francia e Inglaterra, a  
alza dos gastos da vida e do pago do tra-  
ballo, provocaría un fomento notabre da  
produción e unha actividade maior de capi-  
taes; mobilizaría unha cantidade grande de  
diñeiro, terras, etc., que hoje encóntran-se  
adormecidas por fallar o meio que as poña  
en aitividade. Sobre todo, este novo estado  
de cousas faría forzosamente traballar  
unha gran parte da poboación que hoje vive  
ociosa ou adicada a un traballo cativo ao  
agarimo dunhas pequenas rendas.

Na Francia e Inglaterra, moita parte da  
poboación, sobre todo mulleres, que antes  
da guerra non producían nada, hoje pro-  
ducen de certo o valor diario de varios  
millóns de pesetas, crean as subsistencias  
de varios millóns de seres. Mentras, na Es-

paña, hai unha clase da sociedade, verdadeira fauna que vive sen traballar, de recursos inverosímiles, de trampas, miserias e gatunadas.

## O rexurdir das nazionalidades

Rexurden hoxe máis fortes que nunca as nazionalidades, gracias ó gran trastorno desencadeado pol-a guerra europea. E iste rexurdir, á máis viril protesta contra da barbarie e as ambicións imperialistas das grandes agrupacións de razas que aportan como consecuencia lóxica o desboramento sin medida das máis baixas pasions.

Toda nazionalidade que non está formada por unha soia e única raza, e un conxunto monstruoso contrario á toda ley de homoxeneidade é somellanza. Ista xuntanzas monstruosas enxendran ansias de dominio, inxusticias e atropellos, odiosas imposicións, l'ó que é máis triste aínda inmolacións de razas menos numerosas por máis puras l'escolleitas que sean. Un fato de razas ven á sere un mosaico abigarrado e antiético que sin máis razón que o número impón o réximen odioso das maiorías, en que se inspiran as democracias hoxe sin creto é sin prestígio, porque excluye á selección que non debe sere excluída porque ela non implica un réximen d'aristocracia sinon á dirección dos máis capacitados; e si de esta resultara unha nova aristocracia sería, sin dúbida á máis legítima de cantas existíron.

O fin de toda asociación ou xuntanza d'hommes e axudarse; si a asociación senta como o máis fundamental dos seus principios "un pra todos", tamen senta, ou pol-o menos admite á recíproca "todos pra un"; recíproca que afirma o dereito e a razón individual, cando por sere razón está por riba da vountade colectiva e do dereito estatuído, si ó dereito imposto por

unha maioría e abusivo ou dexenera en entorto. ¡Abaxo o inxusto aforismo, dura e á Ley pro e Ley! Ista monstruosidade sólo pode sere admitida, por escravos ou por homes viles, endexamais por homes dignos e de espírito libre.

Galegos, afirmemos a nosa personalidade, fagamos patente a existencia da nosa raza; viva cada nazionalidade de pra si mesma primeiro e pra as máis despós si tanta fora a sua vitalidade. Máis non aceptemos o xugo vergoñoso d'outra raza que non é por sorte nosa superior.

Nazionalismo quere decir, vida propia é independente; non aislada, máis tampouco sometida.

Defínase á si mesma cada raza, é manifestétese puxante á exposición dos valores todos pra gobernarse sin inxerencias alleas; é feita esta definición, terá chegada a hora de se federar con aquelas outras que lle sexa a cada unha máis afin é de xeito máis somellante.

Compatriotas, non vos deixedes engayolare máis tempo por verves sin valor algún; a vosa pátria é á sen par Galicia; non tendes outra por máis que estedes suxetos ó xugo d'un Estado. Solo en Galicia, estades na vosa pátria. En terras alleas tredes sempre cangados c'o sambenito do voso oríxen, estigma conque quere marcarvos á infirmitade l'á ruindade de xentes que valen moito menos que vos, porque levan nas suas venas sangue mesturada de razas qu'as dominiaron por moito séculos, e deixaron n'elas impurezas das que nos estamos limpos.

Pra vos, fillos d'agariñosa Galicia non debe habere outra pátria; l'ó beiro sagro das vosas anseas' de seie o das Irmandades *Terra a Nosa*.

UN DESTERRADO.

Bilbao Setembro do 1918.

## Peneirando...

Según dixo Burell, o home cañón, ó *Correo Español* n-unhas recentes decrarazóns suas sobor da actual situación política, o único beneficio tanxibre qu'ó Goberno de notabres pode apuntárese é o de haber afundido ó rexionalismo.

E pode qu'acertara o mestre de... iñorantes: O rexionalismo oportunista de certos peixes ficóu desbotado. Mais, en troques, érguese oxe nas diferentes nazionalidades da Iberia o nazionalismo sin tapuxos, ategado d'intransixenzas, que será o que, ó fin e ó cabo, dará en terra con todos os fracasados—él entre eles—por moi notabres que sexan.

\*\*\*

Na celebración do aniversario do *conceller* Casanovas en Barcelona, o público piden qu'a banda municipal tocasse «El Segadors». Mais o seu director negouse rotundamente a elo.

Cosas dos tempos, ou cicais fenómenos d'un oportunismo que cheira a fenicio.

\*\*\*

O marqués do Espliego, Vaselina, Bergaminos e outros pol-o xeito, veñen preconizando en artigos e decrarazóns a necesidade de voltare ó turno pacífico dos partidos, unha vez que s'haxa legalizado a situación económica.

Imposible sería citar caso máis insólito de cegueira e de xordez. Pra tales xentes, os feitos anteriores ó primeiro de Xunio do 17. foron soamente un sono ou unha ficción filla d'algún máxin calentemento.

Mais non haxa cuidado. O pobo español xa se encargará de faguelles ver que todo aquilo foi

## 2) FOLLETÓN DE «A NOSA TERRA»

### PROCESO DA CULTURA GALEGA

CONFERENCIA lida na noite do 24 de Febreiro de 1917 na Irmandade da Fala da Cruña, pol-o seu autor, noso irmán e mestre D. Florencio Vaamonde.

ao paso que as ditas construcións corresponden as remotas edades ante-históricas, resulta, de ser así, que a entrada dos primeiros homes que puxeron pe en Galicia, é aínda moito máis antiga dos trinta séculos que se lle atribuen; tanto máis tendo en conta que, dos celtas, sabemos algunhas particularidades por pertenceren, como vai dito, ao dominio histórico e non ao ante-histórico do que só restan os tales moimentos e algúns utensilios de pedra ou de bronce, pol-o que as épocas d'eles chámanse *edade da pedra*, *edade do bronce*, posto que a de ferro entra case toda no dominio da historia.

Pero se non se pode acreditar que os moimentos megalíticos sean obra dos celtas, temos en troque no noso idioma probas palmarias do antigo abelengo galo, sendo aínda innumerables as denominacións de montañas, ríos e vilas que teñen sílabas e raíces d'aquela fala, e a esaita correspondencia de moitas voces do noso idioma c'o do antigo pobo dos druidas.

O traxe dos celtas era un sayo negro, e deitábanse co'eles en xergós ou camas de herbas. A sua relixión era o druidismo e os seus sacerdotes cha-

mábanse druidas, da voz celta *deru* (aciñeira). O vestido dos druidas era unha túnica e un manto de liño branco; a sua principal habitación o bosque. Neles e arredor dos outeiros celebraban as grandes festividades das que era a mayor o recoller o visgo sagrado, especie de carriza que se atopa nas aciñeiras, á que atribuían especies virtudes pol-o que a cortaban con unha poda de ouro con grande pompa, nun día sete de lua, distribuíndoa solemnemente entre o pobo.

Os autores pouco falan dos costumes dos nosos primeiros antepasados conocidos. Estrabon é o que nos dá máis noticia d'eles. Este grande xeógrafo di que en dúas estacións do ano usaban pan de landra, secándoa e moéndoa e facendo d'ela fariná; que tiñan pouco viño e este consumían en xantar c'os parentes, e no seu canto usaban do zito ou celia, licor de grans de cebada esmagados. En lugar de aceite usaban manteiga; ceaban sentados, para cuyo fin tiñan sentadeiros formados ao rente da parede, dando o primeiro ao máis vello ou de máis dinidade, e mentramentres us bebían, outros bailaban ao son da gaita ou trombeta. Os vasos eran de cera. As mulleres gastaban vestidos floreados. En lugar de moeda trocaban unha cousa por outra. Aos sentenciados a morte botábanos das penas en baixo e aos paricidas cubrianos de pedras, fora de poboado. Os casamentos eran a modo dos gregos; e na medicina facían coma os exicios, sacando á rua os enfermos para que os que houbesen tido enfermidade igual, dixesen o remedio. As mulleres araban e sementaban e tra-

ballaban as terras, pois os homes pensaban máis na guerra que nestas ocupacións.

Sábese tamen que o culto dos celtas gallegos era no *lubre* ou bosque sagrado, que se compoñía de aciñeiras ou carballos. Este bosque era redondo; arriábanlle de callo as albres do medio e soyo lle deixaban unha roda de catro ou cinco albres de espesor. O culto rendíano nas altas horas da noite con grandes asuos, acendendo despois unha fogueira en sinal de regocixo. Nos primeiros tempos do druidismo sacrificaban os prisioneiros de guerra, pero logo perderon este costume e deron en imolar, no seu canto, a malfetores. Creían na inmortalidade da alma e miraban con desprecio a morte. Os corpos dos que morrían eran queimados, sistema que, a pesar do trascuro de tantos séculos, haxa homes eminentes que sosteñen que debía hoxe poñerse en práctica por razón de hixiene pública.

As embarcacións dos celtas eran de coiro e foron hasta o tempo de Marco Bruto; en tempo de Estrabon usaban canoas feitas do toro de unha albre. Tiñan pouco comercio, pero con todo, levaban a Irlanda e ao Norte ás froas pesqueiras e traficaban c'o abadexo seco, salmón curado, arenques e sardiñas. Tamen pescaban a balea, e d'aquí ven quizás que se dese a Cedeira o nome de *Cetaria*, porque d'alí saísen moitos maríñeiros a esta pesca.

O mesmo gran xeógrafo citado, agrega que os celtas, no tempo que él escribía, perderan xa a rudeza de costumes por seren civilizados pol-a paz de Augusto; pero si se ten en conta o que diñ

unha esmagante realidade, pr'a que sempre estive-  
ron de cortas os nosos esgrevios políticos.

\*\*\*

Dixo o xefe do partido democrático (?) qu'ô seu  
partido éralle mester saturarse de substancia so-  
cialista.

¿E non sería mellor, preguntamos nós, que de  
sere posibre percurasen os democráticos prohombres  
saturáren de substancias gris ôs seus miolos, que  
parecen non andar moi abundosos d'ela?

**AVISO AOS SUSCRITORES**

Rogamos a cantos veñen recibindo A NOSA  
TERRA e Inda non se puñeron a cubertó con

esta Administración, que nos manden o impor-  
da sua suscripción, pois en caso contrario nos  
veremos perclados a tomar un camiño que  
nen aos deudores nen a nosoutros nos agra-  
daría.

TIPÓGRAFIA OBRERA: LA CRUÑA

**HOTEL CONTINENTAL**

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

**M. Losada Prado**  
**A CRUÑA**

**FRÁBICA MECÁNICA**

**:: DE CALZADO ::**

— DE —

**ANXEL SENRA**

**RÚA XUAN FLÓREZ**

Depósito: Cantón Grande, 15  
**A CRUÑA**

**¡GUERRA AOS CALLOS!**

Callos, Sabaños e Ollos de galo  
cúranse co

**Bálsamo Oriental**

Premiado con Medalla d'Ouro na Esposición  
de Buenos Aires

Fabricantes: **Prudencio López e Fillo - Jerez**  
Representante: **Manuel Sánchez - A Cruña**

De venta n'as boas Boticas

**Gran H. Universal**

Rúa da Reina (da Ralña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de telé-  
fono (núm. 116) e de coche da casa pra  
todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**GRAN FONDA**

**Las Cuatro Naciones**

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desceio de  
mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes  
reformas  
Xántase ben, e os precios están ô alcance de  
todos.

**LA MODERNISTA**  
**GRAN SALÓN DE BARBEIRIA**

— DE —

**RAMOS E ACEA**

San Andrés 94, 1.º—A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de  
estufa de desinfección e todol-os aparatos hi-  
giénicos. Especialidade en lavabos de cabeza,  
locíos e fricíos de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopará o pú-  
blico un servlco permanente a cárrago dos  
seus propietarios, antigos dependentes das  
máis importantes peluquerías d,esta capital.

Na adeministración  
de A NOSA TERRA temos  
a venda o libro de  
poesías

**Da Terra**

**Asoballada**

— DE —

**Ramón Cabanillas**

Prezo: 1'50 pesetas

**GRAN FÁBRICA DE CAMELOS**

**BOMBONES, ETC., ETC.**

**LA SUIZA GALLEGA**

**Torras & Guiral**

Estrella, 22.—A CRUÑA

Ista Casa e a máis importante da Rexión

**Os viños e coñás millores**

son os qu'elsporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da  
Fronreira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

**O vermouth más selecto**

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

**O Anís do Mono**

é un einspréndido licore sin rival

**Pra viños de mesa**

non hai outros com'ós dos cosecheiros elsportadores Sres. R. LÓ-  
PEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—  
MADRID.

REPRESENTANTE EISCUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

**José C. Juncosa**

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A CRUÑA

Faise cárrago de toda  
cras de traballos gra-  
ficos, en imprenta, lito-  
grafía e fotograbado,  
ansi coma sellos de  
caucho

**A Papeleira Galega**

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS

BARREIRA, 7

FOTOGABADO

A CRUÑA

Teléf. 434

**Filios de A. Barceló (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de vinhos seletos da España, oxén, anísados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sopa chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**Automovilistas:**As mais fortes, millores e  
mais económicas cubertas,  
son as**PALMER****Depósito xeneral en Galicia****Real, 20 — A Cruña****NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIMACION REXIONAL

(2.<sup>a</sup> EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos.— Os pedidos faránse o autore, no Rego d'Auga, 4-1.<sup>o</sup>—Cruña.— Os suscritores d'iste boletín poderán adquirilo a metade do prezo sinalado.**Frábica de Gorras**

— E —

**SOMBREIREIRÍA**

DE

**Lois Fernández Vieites****San Andrés, 69-71—A CRUÑA****Obras portuguesas en portugués**

As millores de Eça de Queiroz, de Guerra Junqueiro, de Eugenio de Castro, de Camoes

Tamén as principais de autores galegos

Véndense n'a librería de P. CUÉ e C.<sup>a</sup>

RUA REAL, 49.—A CRUÑA

**H. LA PALOMA**

— DE —

**Ramón Morandeira**

Este espléndido establecemento, situado no no mais céntricos da poboación, axeitado á altura dos millores da súa cras, conta con espazosas e alreadas habitazóns, boa e abundante mesa, un servizo puntual l esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

**Fonte de San Antón, 20 — Santiago****LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeltoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrela de

**Xosé Varela****CIRCO, 16 - BAIXO — VIGO****MONTERO E COMPAÑÍA**

Oficina téctica e almacén de venda:

**Rúa de Emilio Castelar, 8**

Depósitos:

**Calle del Castillo, 12—Lugo**

Direitor:

**D. FERNANDO M. DOIZTUA, Inxeniera**

Venda e colocación de toda clase de máquinas agrícolas e industriaes

Estudo de toda clase de proxectos e construcións  
**PRESUPUESTOS GRATIS****Sulfatos, semillas carburo, benzol e bencina****Consultorio Médico-Quirúrxico****J. Lastres**Consulta e tratamento d'as enfermidades  
en general

ESPECIALIDADES

Piel, (incruso câncer, lepra, lupus, e úlceras atónicas) — Peito, Estómago, Anemia  
Reumatismo, Artritis deformantes  
Neuralgias, Arterio-esclorosis, Parálisis

Electroterapia, Aeroterapia, Seroterapia, Análisis

RAYOS X

Gabinete l isioterápico: Consultas de 10 a 12

Tratamentos e prezos a horas convencionaes

Non se fai asistencia aos fogares


**Praza d'Ourense, 2-1.<sup>o</sup> (esquiña a Picavía)**  
**A CRUÑA****VIÑOS FINOS****RIOXA = MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

**WALDO LOSADA = A CRUÑA**

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE****VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE****Servicios directo desde o porto da Cruña****LINEA DE HABANA A VERACRUS**Prezo en terceira á Habana.  
VeracrúsPtas. 298'60  
313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Farina****Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo**

NOTA.— Quedan sin efecto todas as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.